

	4 Excelente	3 Bo traballo	2 Básico	1 Aínda falta
Comprensión e aplicación dos conceptos	Sabe onde buscar a información. Extráe os datos máis importantes. Emprega as súas propias palabras na redacción, sen limitarse a copiar textos alleos.	Sabe onde buscar a información. Extráe os datos máis importantes, pero limitase a copiar os textos alleos, sen aportacións propias	Non sempre sabe onde buscar a información. Non sempre extráe os datos máis importantes. Limitase a copiar os textos alleos, sen aportacións propias	Non sabe onde buscar a información. Non extráe os datos máis importantes.
Participación	Participa activamente, facendo frecuentemente propostas constructivas, escoitando aos demais e aceptando as decisións da maioría.	Participa activamente, escoitando aos demais e aceptando as decisións da maioría. Fai poucas propostas.	Escoita aos demais e acepta as decisións da maioría. Non fai propostas nin aportacións persoais.	Non escoita aos demais nin acepta as decisións da maioría. Non fai propostas nin aportacións persoais.
Uso das ferramentas	Manexa as ferramentas TIC con gran soltura. Segue en todo momento as indicacións do profesorado. Fai achegas persoais, que comparte.	Manexa as ferramentas TIC con bastante soltura. Segue en todo momento as indicacións do profesorado.	Manexa as ferramentas TIC con algunhas dificultades. Segue en todo momento as indicacións do profesorado.	Apenas manexa as ferramentas TIC. Non segue en todo momento as indicacións do profesorado.
Deseño do Plan	O deseño do documento é claro e atractivo. A información está moi ben organizada. Os tempos totais están sumados.	O deseño do documento é claro, pero non é moi orixinal. A información está ben organizada. Os tempos totais están sumados.	O deseño do documento non é claro. A información está completa, pero mal organizada. Os tempos totais non están sumados.	O documento non existe, ou ben o deseño é moi confuso e a información non está completa nin ben organizada.
Diario	Redacta unha entrada no seu Diario. A entrada non se limita a responder as cuestións básicas, inclúe aportacións orixinais.	Redacta unha entrada no seu Diario. A entrada responde ás cuestións mínimas. As respostas están ben razoadas.	Redacta unha entrada no seu Diario. A entrada responde ás cuestións mínimas. As respostas están escasamente razoadas.	Non redacta unha entrada no seu Diario ou, se o fai, a entrada non responde a todas cuestións mínimas.